



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542702 - Fax: 881541816
www.sergas.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN,
AUDITORÍA E ACREDITACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS

galicia

30 NOV. 2015

Nº 3759

ENTRADA

SAÍDA

MLG/pbt

Para o seu coñecemento remítese a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de 24 de novembro de 2015, relativa á acreditación hospitalaria do centro Hospital Sanatorio Concheiro.

Así mesmo remítese o certificado de dita acreditación por un período de 3 anos.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2015

A subdirectora xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios



[Signature]
María Mercedes Lanza Gándara

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 26343 / RX 1618253

Data 30/11/2015 10:40:03



XERENTE

HOSPITAL SANATORIO CONCHEIRO



RESOLUCIÓN DE ACREDITACIÓN HOSPITALARIA

ANTECEDENTES:

1. Con data 20 de outubro de 2014 reúnese a Comisión de Acreditación Hospitalaria para valorar, entre outros, o informe técnico emitido polo equipo auditor respecto á visita de auditoría levada a cabo ao centro Hospital Sanatorio Concheiro.
2. A Comisión de Acreditación Hospitalaria propón a acreditación do citado centro por un período de tres anos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

1. Decreto 52/2001, do 22 de febreiro, que regula a acreditación dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e determina que á Comisión de Acreditación Hospitalaria lle corresponde elaborar unha proposta de resolución dirixida ao secretario xeral da Consellería de Sanidade.
2. Esta secretaría xeral é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión presentada, de conformidade co establecido no artigo 2º.3 do citado decreto.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Acreditar provisionalmente por un período de tres anos ao seguinte centro hospitalario:
Denominación: Hospital Sanatorio Concheiro
Enderezo: Avda. de Madrid, 4, 36204, Vigo
Titular: RACONSA S.L.
Caducidade da acreditación: 24 de novembro 2018
 2. Realizar a correspondente anotación de oficio no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios
 3. O centro debe levar a cabo un plan de mellora onde serán incorporadas as recomendacións sinaladas polo equipo auditor no seu informe de auditoría. O plan de mellora será obxecto de avaliación na próxima auditoría.
- A acreditación, deberá ser obxecto de renovación, previa solicitude cunha antelación mínima de tres meses á data límite da súa vixencia.



Non é definitiva, podendo interpoñerse conta ela recurso en alzada ante a conselleira de sanidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2015

A secretaria xeral técnica

Josefina Monteagudo Romero